

MULLERES DOS DE
ASCON
ESTAMOS EN ACCION

O papel da muller no mercado de traballo

A muller galega ten unha longa experiencia no mercado laboral, aínda que dun xeito máis regularizado se incorporara nas tres últimas décadas. Até finais do século XIX - principios do XX ao estar a economía galega, así como a do Estado español, baseada fundamentalmente na agricultura de subsistencia, o papel laboral do home e da muller, salvo en extractos sociais moi altos, estaban moi mesturados.

NATIVIDADE LÓPEZ GROMAZ

Economista, membro do Gabinete

Técnico da Confederación Intersindical

Galega (CIG), en representación da cal

é membro do Consello Económico

e Social (CES)

Cos cambios que se producen nos primeiros anos do século XX, ao pasar dunha economía fundamentalmente labrega cara a unha máis industrializada, dáse un repregamento do papel da muller cara a actividades domésticas. Neste contexto, Galiza é unha das únicas zonas do Estado onde a actividade feminina fóra do fogar mantén máis relevancia, debido, por un lado, ao forte papel que aquí ten a agricultura e, por outro, ao tipo

de actividades industriais que se establecen aquí, xa que son actividades moi demandantes de man de obra feminina, tal é o caso do sector conserveiro que se implanta nas rías e na zona norte. Estaban ademais as empresas do téxtil e a fábrica de tabacos da Coruña que chegou a empregar 3.000 mulleres a principios do século pasado.

Despois da guerra civil e até principios dos 70, prodúcese de novo, un



A partir dos anos 70 o sector primario entra en claro declive, e o peso da muller comeza a declinar neste sector e a incrementar, como asalariada, no sector servizos

incremento das mulleres ocupadas na agricultura, motivado pola crise da posguerra que xerou unha forte emigración masculina cara ao exterior, o que fai que a muller asuma un papel activo na economía familiar. Cobra neste período tamén importancia a industria téxtil e a alimentación, e dentro do sector servizos, o servizo doméstico.

A partir dos anos 70 o sector primario entra en claro declive, e o peso da muller comeza a declinar neste sector e a incrementar, como asalariada, no sector servizos.

Na medida en que o sector primario tivo un peso moi importante na estrutura produtiva en Galiza, tamén a muller tivo unha forte presenza na mesma, e por extensión no mercado de traballo. Os primeiros datos publicados despois da ditadura polo Instituto Nacional de Estatística son os correspondentes ao ano 1976 e reflicten unha taxa de ocupación feminina en Galiza de 44,8%, superior á estimada na actualidade, e superior á media estatal, que para as mesmas datas o INE cifraba a taxa de ocupación media feminina en 27,1%.

Nestas tres últimas décadas, Galiza sufriu fortes transformacións tanto económicas como sociais, na que o papel da muller non estivo exento delas. De feito, até o ano 1996 a taxa de ocupación feminina decae fortemente (até 29,8%), no que inflúen varios factores, entre outros:

- Entre os máis destacábeis son os cambios na estrutura produtiva;

pasamos dunha economía cun forte peso do sector primario, no ano 1976, 46% dos ocupados en Galiza traballaban neste sector (53% eran mulleres), a unha economía baseada fundamentalmente no sector servizos. A medida que estes cambios se van producindo, o papel laboral da muller vai cambiando e pasa por un período de forte recesión, sobre todo en termos de emprego, o non ser capaz o resto dos sectores económicos de asimilar a man de obra que está abandonando o sector primario;

- O aumento dos anos de escolarización é outro factor determinante na evolución das taxas de ocupación: por unha parte, ao permanecer máis tempo no sistema educativo atrásase a idade de incorporarse ao traballo produtivo; e por outra, a maior formación que está adquirindo a muller (tamén os homes), produce un cambio no ámbito laboral e a muller comeza a ter máis presenza en actividades até agora reservadas exclusivamente aos homes;

- As melloras nas políticas sociais ou, o que é mesmo, a ampliación de determinado servizos sociais públicos até o de agora inexistentes, fundamentalmente todos aqueles relacionados cos coidados das persoas dependentes, sexan menores ou persoas de idade avanzada, ten unha importancia suprema sobre o papel da muller



nesta sociedade, tanto pola vía de 'liberal' de determinados traballos polo que lle queda tempo para se dedicar a outro tipo de actividades, como polo vía de creación de postos de traballo que a creación destes servizos xera, xa que son postos de traballo ocupados maioritariamente por mulleres.

Centrándonos no primeiro dos factores antes sinalados, a desfeita do sector primario leva consigo un importante aumento do desemprego feminino (tamén masculino), xa que os outros sectores non son capaces de absorberen a man de obra sobran-te do sector primario. De feito, neste período aumentan fortemente as taxas de desemprego.

Este cambio sectorial é moito máis que un cambio na estrutura produtiva galega, xa que afecta a propia estrutura social da comunidade. Iso é, na medida en que o sector primario vai desaparecendo, vai desaparecendo todo un modo de vida e de organizar a sociedade, fundamentalmente porque o paso dun sector a outro supón un cambio de residencia, na maioría dos casos de zonas rurais a zonas urbanas, e porque o papel laboral da muller é moi distinto no sector primario que noutros sectores produtivos, e no medio rural que no medio urbano.

Tanto na agricultura como na pesca, a muller participaba maioritariamente como axuda familiar que, entre outras cousas, significaba compatibilizar dito traballo co traballo doméstico, sen ningún conflito social xa que os horarios son marcado pola propia traballadora. Ademais, normalmente conviven máis dunha xeración no mesmo fogar, polo que a solidariedade familiar é a outra vertente da máis tarde chamada 'conciliación familiar'.

Ao mudar a ocupación sectorial, basicamente cara a unha economía máis baseada no sector terciario, muda, en moitos casos, como dicíamos antes, a residencia do traballador, producíndose unha forte concentración da poboación en zonas urbanas, onde a muller pasa a ser maioritariamente,

durante bastantes anos, ama de casa, polo que en termos estatísticos pasa a formar parte da poboación inactiva, xunto cos xubilados e pensionistas. Esta situación vén producida tanto pola falta de postos de traballo como pola falta dunha rede de servizos sociais que permitisen compatibilizar traballo e familia, obrigándoa a permanecer no fogar mentres teña persoas dependentes o seu cargo.

Desde finais dos oitenta e principios dos noventa, coincidindo coa ampliación dunha incipiente rede de servizos sociais e cun momento de crecemento do Produto Interior Bruto, comeza unha nova entrada no mercado laboral, esta vez como asalariadas fundamentalmente no sector servizos e é a partir de aquí cando se fala da entrada masiva da muller no mercado de traballo ou laboral. Porén, non debemos esquecer que a muller galega sempre tivo unha presenza moi forte no traballo fóra do fogar, que aínda hoxe, cando se fala de incorporación masiva, temos unhas taxas de ocupación femininas en Galiza inferiores ás de finais dos anos setenta. Sirvan para aseverar esta afirmación os datos da táboa 1.

O que si, durante estes anos aumentaron moito os anos de formación regrada, como dicíamos anteriormente, tanto de mulleres como dos homes, pero especialmente destas últimas (pasando a superar os dos homes), o que por un lado fixo que se atrasase a idade de incorporación ao emprego, reducindo as taxas de ocupación; e por outro, permitiu a un número importante de mulleres ocupar postos de traballo até o de agora reservados exclusivamente aos homes, o que sen dúbida axuda a facer máis visíbel o traballo feminino fóra do fogar.

Pero ao mesmo tempo que isto sucede, déronse outros factores que modificaron o status da muller nos últimos tempos. Na segunda metade do século XX reclamar unha maior presenza da muller no traballo produtivo ou na actividade laboral fóra do fogar, e mesmo concienciar as mu-

TÁBOA 1: TAXAS DE OCUPACIÓN DAS MULLERES GALIZA/ESTADO ESPAÑOL

	1976	1986	1996	2006
Estado español	27,1	21,9	27,3	42,4
Galiza	44,8	34,5	29,8	40,5

Fonte: INE. EPA.

lles da necesidade de facelo, era algo habitual nas campañas chamadas feministas. Hoxe en día, traballar fóra da casa xa non é unha opción para as mulleres da clase traballadora, senón unha obriga, unha obriga que deriva, entre outros, de dous factores fundamentalmente: os cambios na organización da produción e os cambios na composición dos fogares.

No que atinxe á composición dos fogares ou a estrutura das familias, estamos asistindo a un forte cambio nas últimas décadas, un tipo de fogar dos que máis está medrando é o composto por un adulto con fillos a cargo onde, na maioría dos casos, o adulto corresponde a unha muller de entre 25 a 49 anos, en plena idade laboral e, dada a súa situación persoal, coa obriga vital de ter un posto de traballo. Moitas destas situacións son froito dunha separación ou divorcio anterior, un fenómeno recente pero en constante aumento nos últimos anos.

Estes cambios son froito, pero tamén consecuencia, da participación da muller no traballo produtivo ou fóra do fogar, en calquera caso, e é moi difícil que calquera muller hoxe considere un proxecto de vida que pase pola dependencia económica da súa parella, nin lle o permiten os salarios nin as perspectivas sociais.

No que atinxe ao primeiro dos factores, á organización da produción, desde finais dos anos setenta véñse introducindo un forte cambio na forma de organizar a produción, e como consecuencia, nas relacións laborais. A forma máis estendida até estas datas, non só en Galiza, senón tamén en toda Europa occidental e nos EUA, era a coñecida como 'modelo fordista', que na vertente laboral se caracterizaba por unha elevada estabilidade laboral e un salario que algúns analistas denominan 'familiar', denominación que se deriva do feito de que un único salario permitía manter toda a unidade familiar.

Este tipo de organización económica e social tiña como fundamento dúas segregacións básicas: unha entre traba-

llo (remunerado) e familia (traballo non remunerado) e outra entre homes e mulleres, exixíndolles aos homes dispoñibilidade case absoluta ao traballo remunerado a cambio de salarios familiares, e destinando as mulleres aos labores domésticos. A cohesión social baseábase no pleno emprego masculino e no desenvolvemento dun sector de servizos sociais que, a medida que se desenvolve, entra en contradición co servizo doméstico.

Na medida en que o modelo de organización fordista entre en declive, comézase a utilizar o 'toyotismo' ou 'modelo de produción flexíbel', como forma básica de organización produtiva. Este novo modelo supuxo un cambio profundo nas relacións laborais e sociais, entre as máis destacadas está a flexibilización das relacións laborais.

En contraste co modelo anterior, onde a acumulación do capital proviña da intensificación do traballo, este modelo é na flexibilidade do mesmo onde se busca a produtividade. É a redución dos custos de persoal o medio o que se está a utilizar para incrementar os beneficios empresariais e a medra dos negocios.

A medida que o modelo se vai estendendo, a precariedade laboral, en sentido amplo, está a afectar un número cada vez maior de traballadores, sendo a flexibilidade no emprego e os baixos salarios son as características máis comúns dos traballadores que accederon a un posto de traballo nos últimos anos. A combinación de temporalidade no emprego e baixas remuneracións fan, na inmensa maioría das familias da clase obreira, necesaria a existencia de dous salarios para poder sobrevivir. É este o segundo factor que mencionamos antes da obriga da muller de traballar fóra do fogar. De feito, é a partir dos anos oitenta cando a participación feminina no traballo remunerado crece en todos os países, sendo a fonte principal de crecemento do traballo remunerado a ocupación feminina nos servizos.

Pero estes cambios na organización produtiva e laboral do modelo

A muller sen abandonar espazo familiar, incorpórase nun espazo produtivo organizado por e para os homes en función do papel social que tiñan asignado e sen ter en conta a nova realidade social



económico, non estiveron acompañados aquí de cambios na organización social. De feito, a muller incorporárase ao mercado de traballo nunha distribución de papeis totalmente consolidada e que non se modifica. É dicir, a distribución de papeis, así como a organización social inherente o modelo fordista de produción mantívose mentres o resto foi mudando. Así, a muller non se incorpora ao mercado laboral asalariado, na medida de saír dun espazo e incorporarse noutro, senón que a muller sen abandonar o primeiro (o familiar), incorporárase nun espazo produtivo organizado por e para os homes en función do papel social que tiñan asignado e sen ter en conta a nova realidade social que supón a incorporación da muller.

Isto obriga a muller a buscar o seu propio espazo conciliador, pondo en evidencia a apatía dos poderes públicos ante os novos acontecementos. Cando os cambios organizativos da produción requiriron cambios lexislativos nas relacións laborais para poderlos implantar, os poderes públicos actuaron inmediatamente. Tan só hai que ver a cantidade de reformas laborais que levamos nos últimos anos, todas en aras de permitir implantar a precariedade no emprego. Non foi así no caso das políticas sociais, pois nas políticas sociais e familiares, os cambios foron e son moitos máis lentos. Aínda hoxe non existe unha rede de servizos sociais que permitan conciliar a vida laboral e familiar, polo que a muller ten que conciliar, ben utilizando a estrutura familiar de apoio (avoa, tía... normalmente outra muller), ben utilizando a precariedade laboral (media xornada, contratos temporais...) como vía para compatibilizar traballo e familia.

Unha das consecuencias máis visíbeis deste problema foi a forte caída da natalidade, que dalgunha forma obrigou os gobernos a tomaren medidas no asunto.

A situación non é exclusiva de Galiza, nin do Estado español, senón un fenómeno global. Pero mentres nal-

gúns Estados, especialmente no seo da Unión Europea tomaron medidas para intentar paliar o problema da muller, no Estado español, e en Galiza, estamos practicamente en 'cueiros'.

As políticas cara á conciliación da vida laboral e familiar no Estado español, son recentes (a lei de conciliación da vida laboral e familiar é do ano 1999) e de mínimos, practicamente o que se fai é a transposición da normativa internacional e comunitaria sen a penas superar os niveis mínimos.

Se se analizan os fondos destinados á protección da familia, no Estado español destínase en torno a 0,5% do Produto Interior Bruto, dos máis baixos da UE, cuxa media está en torno a 2,7% do PIB, aínda que no seo da mesma se producen fortes diferenzas, algún países superando 3% do PIB en gasto público nas familias, e outros, como vimos, a acadando penas 0,5%.

Outra das formas de integración laboral da muller que potenciaron algúns países que ao mesmo tempo permitira conciliar foi apostar polo traballo a tempo parcial no caso dos Países Baixos. No caso do Estado español, porén, esta fórmula tamén é deficitaria, e a participación feminina no traballo a tempo parcial tamén é escasa, aínda que moi superior á masculina. Este tipo de xornada, aínda que pode ser un instrumento válido temporalmente, a falta de outros, para conciliar desde logo non é o máis adecuado para a integración no mercado laboral, xa que este tipo de traballo implica menores salarios, dificulta a carreira profesional, pon en perigo pensións futuras... En definitiva, marxina nunha estrutura social organizada a tempo completo.

En resumo, non se apostou, desde os poderes públicos, por establecer un sistema de servizos sociais que lle permitisen ás familias, para ser exactos, ás mulleres, conciliar plenamente a vida familiar e social. Tam pouco se lexislou sobre a adecuación de horarios, permisos... que permitisen dita conciliación, senón que en concordancia co sistema de produ-

ción vixente, e para axudar a que este se desenvolve plenamente, sen obstáculos, tratouse a situación laboral da muller como un problema de custos. É dicir, non se contratan máis mulleres porque é caro para o empresario, polo que se subvencionamos a contratación o problema esta resolto.

Se o problema non está ben definido, dificilmente as solucións serán as adecuadas, e isto é o que está a ocorrer. Nos últimos 10 anos pasamos por un ciclo alcista económico en Galiza, polo que se produciron importantes incrementos nas taxas de ocupación tanto masculinas como femininas, máis altas no caso das mulleres porque partimos dunha situación peor, ou o que é o mesmo, había un importante 'exercito de reserva' feminino non só disposto a traballar senón coa necesidade vital de facelo. E se a isto engadimos importantes axudas aos empresarios para a contratación de mulleres, abarándolles fortemente esta man de obra, traducíuse nun incremento da ocupación feminina importante. Mentres que a economía foi ben, o desemprego feminino diminuíu e a ocupación medrou, pero ante o primeiro síntoma de recesión saíron á luz todos os problemas. De feito, cando no último trimestre do ano 2007 os principais indicadores macroeconómicos comezan a dar sinais de alarma, o primeiro dato negativo que aparece é o desemprego feminino, sendo o único que aumentou considerabelmente no último trimestre do ano 2007.

Outro problema laboral importante, o da temporalidade no emprego, tamén se tratou de resolver mediante axudas económicas, sexan bonificacións á seguridade social, sexan primas á contratación ou calquera outro tipo de transvase de fondos do sector público ao privado. Neste caso, nin sequera isto contribuíu a paliar o problema, acadando nalgúns momentos a taxa de temporalidade feminina porcentaxes próximas a 40%, cun agravante: onde máis aumentou a temporalidade feminina nestes últimos anos foi no sector público.

TÁBOA 2: TAXA DE ACTIVIDADE SEGUNDO O SEXO

	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006
Total	51,3	49,7	50,4	52,2	53,2	53,0	53,6
Homes	61,8	60,4	61,0	62,2	62,6	62,6	62,2
Mulleres	41,7	40,0	40,8	43,0	44,6	44,3	45,8

Fonte: Enquisa de Poboación Activa. INE. Media anual.

En resumo, non se creou nin a estrutura social nin o ordenamento xurídico necesarios para que as mulleres puideran acceder a un posto de traballo en igualdade de condicións que os homes, o que as obrigou por un lado á dobre xornada laboral e por outro, a utilizaren a precariedade laboral como mecanismo de conciliación.


Non se trata polo tanto de apostar por unha ou outra medida, simplemente de denunciar que nalgúns países se tomaron medidas, máis acertadas ou menos acertadas, máis equivocadas ou menos equivocadas..., e noutros, como no caso do Estado español, e de Galiza, a penas se interveu. Así, atopámonos coas taxas de actividade das máis baixas da UE, coas maiores taxas de desemprego, cos salarios máis baixos e unha baixísima taxa de natalidade

Non se interveu no tema da conciliación para apoiar ao acceso e permanencia da muller no mercado de traballo tampouco na calidade do emprego, onde a temporalidade, os baixos salarios..., afectan en maior medida as mulleres. Os datos que pasamos a citar a continuación serven para confirmar as afirmacións anteriores.

A forma de medir o acceso é a través da taxa de actividade (a porcentaxe de mulleres con máis de 16 anos traballando ou buscando emprego activamente). Os datos que a refliten no cadro que se expón a continuación, poñen en evidencia unha reali-

TÁBOA 3: TAXAS DE ACTIVIDADE DAS MULLERES

	2001	2002	2003	2004	2005	2006
Galiza	40,0	40,8	43,0	44,6	44,3	45,
Estado español	40,4	42,2	43,8	45,1	46,4	47,1
UE (15)	47,2	47,7	48,1			



TÁBOA 4: TAXAS DE OCUPACIÓN POR SEXO

	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006
Total	43,6	44,2	44,3	45,5	46,0	47,8	49,1
Homes	55,4	55,7	56,0	57,0	56,9	58,1	58,4
Mulleres	32,9	33,8	33,7	35,1	36,0	38,3	40,5

TÁBOA 5: TAXAS DE OCUPACIÓN DAS MULLERES

	2001	2002	2003	2004	2005	2006
Galiza	33,8	33,7	35,1	36,0	38,3	40,5
Estado español	34,3	35,2	36,8	38,4	40,7	42,4
UE (15) ¹		43,2	43,5	43,6		

FONTE: EPA. INE. Media anual.

¹ Os datos da UE corresponden ao segundo trimestre de cada ano.

dade da muller galega seriamente preocupante.

A pesar do comportamento favorable que durante o século XXI está tendo a taxa de actividade feminina, (como dicíamos antes polo ciclo alcista económico que estamos atravesando), incrementouse en torno a 5 puntos neste período, segue sendo moi baixa, pois tan só 45,8 mulleres de cada 100 maiores de 16 anos, en Galiza, están a traballar ou a buscar emprego

activamente. Se comparamos coa taxa de actividade masculina a diferenza é de 16,4 puntos no último ano.

Se examinamos a situación do noso entorno, tampouco saímos nada favorecidas (Táboa 3, Gráfica 1):

A pesar de comezar o século cunha situación moi semellante á media estatal, aínda que moi distante da media europea, a medida que o mesmo vai avanzando, as diferenzas van medrando e no último ano a taxa de actividade media estatal supera en preto de punto e medio a galega.

Con respecto á Unión Europea dos 15, os datos son lixeiramente atrasados, pero refliten claramente as diferenzas existentes. De media, a taxa de actividade feminina supera en preto de 5 puntos a media estatal. O Estado español, é despois de Italia e Grecia, o país coa taxa máis baixa. Os países nórdicos destacan polas altas taxas de participación feminina no mercado laboral, en torno a 60%.

Pero tan importante como a taxa de actividade é a taxa de ocupación, é dicir a porcentaxe de mulleres non só dispostas a traballar, senón que teñen emprego. Isto mídese a través das taxas de ocupación (Táboa 4).

Prodúcese, neste período, unha nada desprezable medra da taxa de ocupación feminina, de 32,9% de mulleres maiores de 16 anos que no ano 2000 tiñan emprego a 40,5% no 2006, a pesar do cal as diferenzas con respecto aos homes seguen sendo inadmisíbeis. É dicir, aumenta a taxa de ocupación feminina pero tamén a masculina, o que quere dicir que se debe máis ao momento de 'bonanza económica', (se o medimos en termos de crecemento do Produto Interior Bruto), polo que está atravesando a nosa economía do que o efecto de medidas conciliadoras ou fomentadoras da actividade feminina.

Ao igual que fixemos coa taxa de actividade, é bo compararnos co noso entorno para o mellor coñecemento da realidade (Táboa 5).

Estamos a atravesar un período positivo no que atinxe á evolución da



ocupación feminina, que afecta todo o noso entorno. Desde o ano 2001 a taxa de ocupación incrementouse en Galiza en 6,7 puntos, e se ben é un medre importante segue a ser inferior ao da media estatal, onde a ocupación medrou en 8,1 puntos, aumentando unha vez máis as diferenzas.

Se nos comparamos coa media europea, e a pesar de que nestes últimos anos o Estado español, e Galiza, experimentaron un crecemento económico moi superior á media europea en termos de PIB, no ano 2004, último ano que dispomos de datos, a taxa de ocupación feminina de media na Europa comunitaria superaba en 7,6 puntos a media galega.

Pero os problemas laborais femininos non rematan á hora de atopar un emprego, pois normalmente a calidade destes empregos está lonxe de acadar uns mínimos aceptábeis: altas taxas de temporalidade, contrato de escasa duración, baixos salarios... son as características máis comúns destes traballos.

No que atinxe á taxa de temporalidade, entendendo esta como a relación entre o total de asalariadas e as asalariadas con contrato temporal, os datos son os da Táboa 6.

Son claramente a mulleres moito máis prexudicadas pola temporalidade no emprego que os homes, sabendo que de media a temporalidade afectou 38,6% das mulleres asalariadas en Galiza no ano 2006 (31,9% os homes), dato que se agrava se profundamos máis no mesmo. Por un la-

Asalariados	Total		Homes		Mulleres	
	2005	2006	2005	2006	2005	2006
Total	100	100	100	100	100	100
Contrato indefinido	65,1	65,1	66,5	68,0	63,1	61,3
Contrato temporal	34,9	34,8	33,5	31,9	36,8	38,6

FONTE: EPA. INE. Media anual.

do, a situación empeora con respecto á ano anterior e, por outro, no sector público a taxa de temporalidade das mulleres duplica a dos homes (32,3 fronte a 16,9%).

A cuestión dos salarios é outro tema onde a muller sofre discriminación. O tan manido 27% que de media cobran menos as mulleres que os homes pasa por converterse nun problema estrutural da nosa economía: era a diferenza no ano 2002 e mantense na actualidade. Falo do ano 2002 porque a última información de salarios de forma desagregada e con certa profundidade data deste ano, tratándose da enquisa de estrutura salarial 2002 do INE. Esta enquisa, de ámbito europeo, evidencia non só as diferenzas entre sexos, senón tamén entre tipos de contrato, e demostra que, en xeral, os traballadores galegos cun contrato temporal teñen unhas remuneración 38% inferiores aos seus homólogos con contrato indefinido. Ao afectar a temporalidade especialmente as mulleres, a conclusión é sinxela e clara.

Non de salarios, pero si de ingresos salariais anuais temos datos máis recentes facilitados pola Axencia Tributaria que, á diferenza do primeiro, achega datos dos ingresos anuais dos asalariados, pero sen ter en conta os días traballados. É dicir, teñen o mesmo tratamento os ingresos do que traballou todo o ano a tempo completo do que o fixo un mes e a tempo parcial, por pór un exemplo. Pero



permítenos ver cal é a situación económica dos e das asalariadas/os en Galiza, que como dixemos anteriormente, son a inmensa maioría da clase traballadora (Táboa 7).

Como anticipábamos anteriormente, mantense a diferenza de 27% de ingresos medios entre sexos, pero ao facilitarnos a distribución por tramos de ingresos, permítenos unha maior profundación, descubriendo un panorama desalentador para as mulleres.

As principais conclusións da táboa anterior son as seguintes:


- 36,4% das mulleres que traballan en Galiza, fronte a 20,6% dos homes, tiveron uns ingresos inferiores ao Salario Mínimo Interprofesional (SMI) no ano 2005.
- O salario de 69,4% das mulleres non supera os ingresos salariais medios galegos, que foron de 14.887 anuais no ano 2005.
- Só 10% dos galegos de maiores ingresos son mulleres.
- Por tramos de salarios, o grupo máis numeroso de homes sitúase no de 1,5 até 2 veces o SMI. No caso das mulleres nas que non acadada 0,5 do SMI.

Vemos que os problemas non rematan con atopar un posto de traballo, pois para a maioría das mulleres asalariadas en Galiza os ingresos por salarios non lles permiten vivir sen outro tipo de recursos. Evidentemente estes baixos ingresos que afectan un grupo moi numeroso de mulleres en Galiza, corresponden con mulleres con contratos de escasa duración, xornadas reducidas... que, como dixeran ao principio deste documento, moitas veces a muller se ve obrigada a aceptar como medio para conciliar a súa vida persoal coa familiar. Nestes casos, non hai axudas públicas á contratación que o resolven porque o problema radica na falta de servizos sociais públicos que permitan á muller dispor de máis tempo para dedicar ao traballo remunerado fóra do fogar.

TÁBOA 7: INGRESOS SALARIAIS POR SEXO, ANO 2005

Tramos de salario	Asalariadas/os			Ingreso salarial medio anual		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Total	1.063.340	627.715	437.625	14.887	16.742	12.225
De 0 a 0,5 SMI	160.160	72.494	87.666	1.558	1.573	1.546
De 0,5 a 1 SMI	128.825	57.142	71.683	5.430	5.432	5.426
De 1 a 1,5 SMI	148.532	70.547	77.985	9.063	9.087	9.042
De 1,5 a 2 SMI	208.310	141.708	66.602	12.615	12.702	12.428
De 2 a 2,5 SMI	131.867	90.410	41.457	15.945	15.900	16.043
De 2,5 a 3 SMI	74.800	50.021	24.779	19.578	19.606	19.520
De 3 a 3,5 SMI	54.300	38.135	16.165	23.295	23.284	23.320
De 3,5 a 4 SMI	41.401	25.430	15.972	26.872	26.831	26.937
De 4 a 4,5 SMI	32.987	19.489	13.498	30.443	30.460	30.417
De 4,5 a 5 SMI	23.134	14.914	8.220	33.918	33.966	33.832
De 5 a 7,5 SMI	43.831	32.950	10.881	42.660	42.833	42.137
De 7,5 a 10 SMI	11.227	9.146	281	61.094	61.164	60.787
Más de 10 SMI	5.966	5.330	636	108.520	109.668	98.902

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos da Axencia Tributaria



Se non fose polo
emprego feminino e
polo dobre salario na
familia, hoxe sería
impensábel manter a
sociedade de consumo
que serve de sustento
a este modelo

O reducido grupo de mulleres situadas no intervalo de maiores ingresos pon en evidencia o famoso 'teito de cristal' co que se atopan as mulleres, tal e como se reflite na escaseza das mesmas en postos de 'máxima responsabilidade' e de maiores salarios, a pesar das novas xeracións contar con maiores niveis de formación que os homes. Isto débese tamén, moitas veces, aos problemas de conciliación que lles impide unha maior dedicación ao traballo fóra do fogar por un lado, e por outro, os horarios de reunións, viaxes... non están adaptados a este tipo de necesidades.

Até aquí intentouse, con maior ou menor acerto, describir a situación das mulleres traballadoras galegas. Pero non podemos esquecer as desempregadas, esas milleiras de mulleres que, aínda querendo traballar, levan anos engrosando as listas do desemprego neste país (Táboa 8).

No ano 2006, 65.000 mulleres estiveron buscando emprego activamente en Galiza, (60% da poboación desempregada), o que implica unhas taxas de desemprego de 11,4%, practicamente o duplo que a poboación masculina.

As altas taxas de desemprego, os baixos ingresos, a problemática situación laboral... son factores que obrigan moitas mulleres a atoparen na economía mergullada ou na emigración (prodúcense maiores movementos migratorios de mulleres que de homes) unha solución aos problemas que os poderes público non axudan a resolver ao entendérenos como un problema privado e non como algo social.

En resumo, a presenza feminina hoxe no mercado laboral é importante, e ademais é imprescindible dada a situación económica coa que se atopan unha parte importante das familias galegas, aquelas que polos baixos ingresos non son capaces de vivir cun so salario e que, por outro lado, cada vez son máis, xa que na medida que se incorporan novas xeracións ao emprego entran no mercado de traballo nunha situación totalmente precaria. Ademais, non mellora co transcurso do tempo, xa que non é un problema de idade, de falta de practica... senón que é un problema estrutural da economía e do modelo económico imperante.

Se non fose polo emprego feminino e polo dobre salario na familia, hoxe sería impensábel manter a sociedade de consumo que serve de sustento a este modelo; pero tamén é certo que se non fora por este dobre salario, as protestas a este modelo, que está precarizando cada vez máis o emprego, houberan comezado xa fai anos ■

TÁBOA 8: TAXAS DE DESEMPREGO POR SEXO

	Total		Homes		Mulleres	
	2005	2006	2005	2006	2005	2006
Total	9,9	8,5	7,2	6,1	13,5	11,4
de 16 a 24 anos	21,0	18,0	16,4	14,0	26,7	23,3
de 25 a 54 anos	9,0	7,7	6,3	5,1	12,5	10,9
de 55 e máis anos	6,2	5,9	5,0	5,7	8,1	6,1

FONTE: EPA. INE. Media anual.